ESCORNABOTS E FORMACIÓN DE USUARIOS (CDU)
NA BIBLIOTECA ESCOLAR "CARLOS LABRAÑA" DO CEIP NICOLÁS DEL RÍO

Descrición da actividade

Esta actividade, xunto con outras tres (normas, tejuelos e kahoot) foron programadas para abordar a formación de usuarios na biblioteca escolar durante a primeira semana do curso escolar.

Consiste en xogar coa plantilla na que están as fotos de Percebín (a mascota da biblioteca) coa clasificación da CDU. Usando a estructura cooperativa do folio xiratorio, cada persoa colle unha carta coa imaxe da cuberta dun libro e expresa onde cree que vai na CDU, logo programa o escornabot para que chegue ao lugar indicado. E así, continúan, un por un.

Obxectivos

- Coñecer o funcionamento do escornabot.
- Tentar deseñar o percorrido que debe realizar o robot.
- Coñecer a organización da CDU.
- Relacionar diferentes tipos de fondos documentais co número da CDU.

Contidos traballados

- Uso da **biblioteca do centro**, amosando certo coñecemento da súa organización (catalogación, funcionamento).
- Achegamento ao sistema de clasificación dos fondos documentais, CDU.
- Iniciación ao uso dos escornabots.

Idade e agrupamentos

- Catro grupos interactivos (de número variable, dependendo do alumnado que conforma cada grupo-clase), dirixidos por un mínimo de dous mestres.
- Idades comprendidas entre os 6 e os 12 anos.
- Máis adiante utilizaranse para xogo "libre" en pequeno grupo no tempo de recreo.

Temporalización

Durante a primeira semana do curso escolar realízanse sesións cunha duración aproximada de 50 minutos, empregando os 10 minutos iniciais para a acollida dos grupos e unha explicación das actividades a realizar (escornabots e outras tres).

Cada subgrupo dispón de 10 minutos para a actividade dos escornabots.

Materiais e recursos precisos

Para esta actividade precisamos unha plantilla coas imaxes de Percebín (adaptadas ás categorías da CDU), un xogo de baralla con imaxes das cubertas de diferentes fondos que temos na biblioteca (coñecidos polo alumnado e que poden localizar) e os escornabots.

Avaliación

Existen varios momentos e indicadores na avaliación.
Cada tarxeta/carta ten escrito no reverso o número correcto da CDU, polo que resulta unha actividade autoavaliable polo propio alumnado.
Do mesmo xeito, o acerto ou erro nas indicacións dadas ao escornabot pódense observar no éxito ou fracaso do itinerario percorrido polo robot.
O deseño da actividade sufriu modificacións, xa que durante a avaliación realizada nas primeiras sesións detectouse a necesidade de incluir os números da CDU no reverso das cartas, xa que non sempre o alumnado era quen de resolvelo.